

1. Líder BASKET

CRISTINA SEIJO

Todo o baloncesto lucense rendeu esta fin de semana un emotivo recordo a unha persoa que quedará para sempre na memoria do deporte base provincial. En todos os encontros gardouse un minuto de silencio antes do seu comezo e os xogadores e xogadoras luciron un crespón negro nas súas camisetas para honrar así a unha **figura relevante** que foi xogadora, adestradora, directiva e formadora de persoas



Júnior Feminino > Primeira | Segunda

Estudiantes lócese nun partido trampa

VITORIA CLARA ante un bo rival a pesar das baixas e o parón

| 78 | | 35 | |
|-------------|--------|-----------|--------|
| ESTUDIANTES | | PORRIÑO | |
| Xogadora | Puntos | Xogadora | Puntos |
| Ana | 10 | Alonso | |
| Alejandra | | Sias | |
| Sara | 16 | Giraldez | |
| Laura | | Ramírez | |
| Eva | 7 | Pamilo | |
| María | 5 | Lamas | |
| Marta | 15 | Pérez | |
| Alba | 14 | Claro | |
| Sabela | 4 | Besada | |
| Uxia | 7 | Guerreiro | |
| Nuria | | Otero | |



A cadete Eva Córdoba buscando a mellor opción de pase ante Sara



Marta, 15 puntos, a piques de lanzar a canastra ante unha rival

“Creo que hicimos un partido muy completo en todos los aspectos”

SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

Estudiantes impúxose con autoridade a un Porriño que na primeira volta vendera moi cara a derrota. 60-68, nun encontro que as lucenses afrontaron coas notables ausencias de Zeltia, Adriana e Carlota, ademais do hándicap de levar dúas semanas sen competir.

Sise Peinó tirou das cadetes Alba, María, Eva e Sabela, que asinaron un gran encontro. Estudiantes mostrouse sólido no seu xogo desde os primeiros minutos, nos que puxo terra polo medio con autoridade no marcador, 21-8 ao final do primeiro parcial.

No segundo, Porriño intentou cortar a sangría cunha defensa

zonal que Estudiantes, tras unhas lixeiras dúbidas iniciais, conseguiu derrubar co paso dos minutos.

Pese a ter o partido sentenciado ao descanso, 37-15, as lucenses asinaron unha segunda parte moi seria para levar o marcador ata o definitivo 78-35.

3

AUSENCIAS Estudiantes afrontou o encontro sen Zeltia, Adriana e Candela pero o equipo sobrepúxose ás baixas con gran traballo colectivo e coa aportación das cadetes Alba, María, Eva e Sabela



Carmen Leboreiro nunha acción defensiva no Pazo

Unha vitoria por inercia

DISCRETO PARTIDO do Ensino, pero novo triunfo

| 59 | | 42 | |
|----------|--------|-----------|--------|
| ENSINO | | BOSCO | |
| Xogadora | Puntos | Xogadora | Puntos |
| Marina | 12 | Dominguez | |
| Silvia | 22 | Valdillo | |
| María | 6 | Gómez | |
| Esther | 11 | Otero | |
| Núria | 8 | Losada | |
| Laura | | Diéguez | |
| Natalia | | Alvarez | |
| Carmen | | Rapela | |
| | | Feijóo | |
| | | Aleñá | |

“Lo mejor que nos llevamos de este encuentro ha sido la victoria”

MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

que indicou o marcador, 17-9, propiciado polas baixas porcentaxes de tiro de Bosco. No segundo parcial as forzas aínda se igualaron máis, 15-13, para chegar ao descanso con 32-22.

Ao comezo da segunda parte o Ensino disputou os seus mellores minutos sobre a pista do Pazo dos Deportes, atacando con máis lucidez e defendendo máis intensas para poñer terra polo medio con terceiro parcial de 14-6.

A igualdade regresou nos últimos dez minutos, nos que o Ensino xogou coa diferenza no marcador e empezou a pensar xa na próxima cita, na que se poden asegurar o subcampeonato de Liga que tería o premio de ser cabeza de serie e organizar os play off, nos que estaría en xogo unha praza para o campionato de España júnior.

O Durán Maquinaria Ensino asinou unha nova vitoria na Liga Galega júnior feminina para chegar á próxima xornada con pleno de vitorias no 2018. Pero para afrontar a próxima xornada con opcións de triunfo as lucenses deberán mellorar o seu rendemento, xa que visitan a pista do líder invicto da competición, o Celta de Vigo.

Ante Bosco viuse un encontro moi disputado no que o Ensino nunca estivo ao seu mellor nivel, pero por calidade e dinámica conseguiu unha nova vitoria.

O acerto foi clave nun primeiro cuarto máis igualado do



Natalia, do Porta XI, foise ata os 9 puntos



Aldara botando o balón nun partido

A xornada na Segunda División júnior feminina veu marcada pola vitoria de Ribadeo no derbi ante Viveiro. Un triunfo que nos dous encontros da primeira fase foi para o conxunto de Vicente Piñón, pero as de Jose impuxéronse nesta ocasión e seguen líderes de grupo.

As locais tiveron moitos problemas para anotar con fluidez ante o potencial de Ribadeo na zona desde os primeiros minu-

tos, 6-14 ao final do primeiro cuarto. No segundo Sara e Fátima dominaron a pintura e a diferenza ao descanso foise ata os 16 puntos, 12-28.

Viveiro buscou a remontada poñéndose a 10 no terceiro cuarto, pero as locais chegaron moi mermadas ao tramo final, con catro xogadoras lesionadas e outra expulsada por faltas ante un Ribadeo que, con dous tripos consecutivos de Andrea, sentenciou o derbi mariño.

1º

VITORIA DE RIBADEO esta tempada ante un Viveiro que gañou os dous derbis disputados na primeira fase da competición na Segunda División júnior feminina

O Porta XI Ensino e Sarria tamén venceron nos seus respectivos encontros. O conxunto capitalino tras dar un recital defensivo ante Basquet Coruña,

O Porta XI deu un manual defensivo

| PORTA XI | | B. CORUÑA | |
|-----------|--------|------------|--------|
| 58 | | 25 | |
| Xogador | Puntos | Xogador | Puntos |
| Nicole | 14 | Fojo | |
| Carmen | 16 | Sanjuan | |
| Andrea | 2 | Carro | |
| Alejandra | 7 | Vázquez | |
| Natalia | 9 | Crisdo | |
| Lidia | 8 | Mejide | |
| Paula | 2 | Penedo | |
| | | Noguerol | |
| | | Fernández | |
| | | Figueroa | |
| | | Valenzuela | |
| | | Orosa | |

“Mostramos una actitud defensiva fantástica para intentar ganar este encuentro”

MIGUEL LÓPEZ Porta XI Ensino

nun partido que se xogou sempre ao ritmo imposto polas de Miguel López, sen encaixar en ningún parcial máis de 10 puntos. Pola súa banda Sarria puxo terra polo medio no marcador desde os primeiros

O María Teresa Dental lócese

| SARRIA | | OBRADOIRO | |
|---------------|--------|------------|--------|
| 64 | | 30 | |
| Xogador | Puntos | Xogador | Puntos |
| Alexia | | Collazo A. | |
| Paula | | Collazo C. | |
| María | | Rodríguez | |
| Alba | | Grille | |
| Nerea | | Martinez | |
| Candela | | Campos | |
| Clara | | Tarrio | |
| Laura López | | De Ron | |
| Laura Pereiro | | Rodríguez | |

“Cómoda victoria en un partido que rompimos a nuestro favor en los primeros minutos”

MAISA María Teresa Martínez Dental

minutos, con parcial inicial de 22-2 no que foron superiores en todas as facetas do xogo e co que tomaron unha renda que foi determinante ao longo do resto do encontro disputado en Novo Chanto.

Ribadeo levouse o derbi mariño

| VIVEIRO | | RIBADEO | |
|---------|--------|-----------|--------|
| 41 | | 55 | |
| Xogador | Puntos | Xogador | Puntos |
| Katia | | Nuria | 3 |
| Celia | | Aldara | |
| Ana | | Marina | 2 |
| India | | Fátima | 15 |
| Clara | | Andrea | 8 |
| Andrea | | Ana Canel | 5 |
| Carla | | Sara | 5 |
| María | | Irene | 14 |
| Iria | | María | 3 |
| Mireia | | | |

“Todo nos salió mal ante un rival con jugadoras muy grandes que defendiendo en zona complican mucho el juego y dominan el rebote”

“Impresionante partido de todo el equipo para firmar una de las mejores victorias de la temporada”

VICENTE PIÑÓN Viveiro

JOSE Ria Ribadeo

Coa Compostelana selada, segue o recital estudiantil

ESTUDIANTES É LÍDER DA LIGA GALEGA JÚNIOR a falta de tres xornadas despois de impoñerse a Obradoiro e Xuven



Jacobo a piques de facer un pase nun lance do encontro

| 135 | | 47 | |
|-------------|-------|---------|--|
| ESTUDIANTES | | XUVEN | |
| Xogador | P. V. | Xogador | |
| Andrés | 16 | Barrero | |
| Miguel | 12 | Durán | |
| Antón | 6 | Núñez | |
| Jacobo | 7 | Gómez | |
| Hermida | 18 | Ventoso | |
| Trabado | 6 | Padin | |
| Rivas | 28 | Kovac | |
| Anxo | 14 | Oubiña | |
| Lucas | 16 | Cuttano | |
| Iago | 9 | Somoza | |
| Dani | 1 | García | |
| | | Serén | |

“Nos quedan tres finais por delante”

ÁNGEL RIOBÓ Estudiantes Lugo

75

PUNTOS AO DESCANSO

Estudiantes rompeu todos os rexistros anotadores tras firmar 40 puntos nos primeiros dez minutos e máis de 100 durante o terceiro parcial

Estudiantes júnior masculino é o equipo de moda no baloncesto base galego. Os de Ángel Riobó asaltaron o primeiro posto da clasificación no duelo directo que lles mediu en Santiago con Obradoiro, nun partido no que todos os adxectivos quedaríanse pequenos, e fixeron a súa primeira defensa do liderado cunha exhibición ante Xuven asinando unha das vitorias máis contundentes da competición.

Estudiantes afrontaba ante Xuven a primeira das catro finais que lles restan para volver reinar no baloncesto júnior masculino galego, e liquidou a

cita cun partido espectacular no que demostraron desde o primeiro ao último minuto que queren e merecénsen este título de Liga.

O recital ofensivo quedou patente no primeiro cuarto, que se pechou con 40-11 no marcador deixando sentenciado o encontro. Con todo, lonxe de relaxarse, os celestes mantiveron a intensidade e cunha gran seriedade no xogo ampliaron a distancia co paso dos minutos, chegando ao descanso con 75



O celeste Iago botando ante a presión dun rival



A. Rivas subindo a pelota nunha xogada de contraataque

88

PUNTOS DE DIFERENCIA

Os lucenses fixeron a súa primeira defensa do liderado dando unha nova mostra de autoridade que reflicte o gran estado de forma co que chegan ao final de curso

puntos anotados.

Ao finalizar o terceiro cuarto Estudiantes xa pasara dos 100 puntos e terminou impoñéndose por 88 co 135-47 final co

3

PARTIDOS PARA O FINAL

Sen marxe de erro se non falla Obradoiro, Estudiantes ten por diante a Bosco, Seis do Nadal, este encontro no Anexo, e Sigaltec

que gañaron a primeira das catro finais que tiñan por diante, a segunda será a próxima xornada en Ourense, ante Bosco.



Trabado lanza baixo o aro por encima de dous contrarios

OBRADOIRO PELETEIRO 88-90 ESTUDIANTES

MÁXIMO SUSPENSE EN SANTIAGO NUN ENCONTRO NON APTO PARA CARDÍACOS

Estudiantes gañouse a pulso a compostelana tras impoñerse en Santiago a Obradoiro, nun partido no que estaba en xogo o primeiro posto da Liga Galega júnior masculina. Os celestes necesitaban gañar de dous puntos ou máis a condición de que o marcador estivese por baixo do 87-89 do partido de ida.

O encontro transcorreu polas canles previstas, con igualdade tensión e un desenlace final apoteósico. Estudiantes púxose o mono de traballo e asinou o partido perfecto, con 80% de acerto en tiros libres e 10 tripos anotados por ata seis xogadores diferentes.

O partido chegou ao seu máximo

esplendor a pouco máis dun minuto para o final. Con empate a 85 e a falta de trinta segundos, un tripo de Álex Hermida poñía o 87-90 no marcador. Na última posesión o base local forzou unha falta persoal que o mandou ao tiro libre. De anotar os dous puntos Estudiantes gañaría dun punto pero quedaríase sen o primeiro posto, pero o xogador compostelán fallou o primeiro e propiciou o delirio celeste que, pese a gañar pola mesma diferenza que o fixo Obradoiro en Lugo, ao ser maior a anotación alzouse co liderado a falta de catro xornadas para o final, agora mesmo xa tan só tres logo de impoñerse a Xuven.



Vitoria balsámica para o Ensino

PRIMEIRO TRIUNFO LUCENSE NA SEGUNDA FASE

| 65 | 62 |
|--------------|------------|
| ENSINO | CARMELITAS |
| Xogadora | Xogadora |
| Alejandra 8 | Muguerza |
| Kristina | Magide |
| Carmen L. 15 | Gonzalez |
| Natalia 8 | Lima |
| Catuxa 9 | Alonso |
| Mencia 6 | Pena |
| Tania 1 | Rguez |
| Carmen 3 | Tourón |
| Adriana | Pena |
| Amy | A. Rguez |
| | Lorenzo |

“Un partido muy incómodo en el que conseguimos lo que necesitábamos, la victoria”

AIGOR ROMO Ensino

O Cafés Candelas Ensino reconciouse coa vitoria tras impoñerse no Anexo a Carmelitas, nun encontro no que, á marxe do xogo, o máis importante era gañar e as de Aigor Romo conseguiron.

De inicio os ataques impuxéronse ás defensas, cun intercambio de golpes que finalizou con 17-20 ao final do primeiro cuarto. No segundo parcial o Ensino cortou a sangría ofensiva de Carmelitas subindo a intensidade defensiva e deixando ao seu rival en tan só 8 puntos, mentres que en ata-



A ensinista Catuxa, 9 puntos, facendo unha entrada a canastra



Amy en labores defensivos nun lance do encontro xogado no Anexo

que o conxunto lucense continuou atopando vías para anotar.

A segunda parte empezou con 37-28. Unha renda que Ensino soubo manter na segunda parte, na que a presión apoderouse de ambos equipos no último cuarto. As visitantes por gañar o seu pri-

meiro partido, e o Ensino por non descolgarse dos cinco primeiros postos á espera de recuperar a todos os efectivos para volver ofrecer a súa mellor versión.

Ao final o factor pista tamén foi decisivo e o Ensino púidose quedar cunha importante vitoria.



Carlota a piques de facer un pase entre dúas contrarias

Bosco asaltou o Anexo

DERROTA DE ESTUDIANTES nun irregular partido

| 67 | 73 |
|-------------|----------|
| ESTUDIANTES | BOSCO |
| Xogadora | Xogadora |
| Eva | Vadillo |
| Maria | Pavón |
| Carlota | Losada |
| Ana | Diéguez |
| Alba | Prieto |
| Sabela | Álvarez |
| Xashina | Rapela |
| Enma | Pérez |
| Claudia | Salgado |
| Cristina | Carnero |
| Laura F. | |

*Anotación individual non facilitada

Bosco Salesianos leuouse a vitoria de Lugo nun partido que se decidiu no último parcial, no que a intensidade defensiva das visitantes decantou o partido ao seu favor.

Ata entón as forzas estiveron igualadas, con picos de dominio celeste, pero con resposta contundente dun Bosco que castigou todos os erros que as celestes cometeron ao longo do encontro.

Ao descanso chegouse con igualdade no marcador tralo 16-16 do primeiro cuarto e o

“A seguir trabaxando para mejorar en nuestro día a día y corregir errores”

FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

15-15 do segundo. Pero sería no terceiro parcial, tralo paso polos vestiarios, cando se viu a mellor versión de Estudiantes.

A posta en escena foi intensa, defendendo con orde e duro á vez que atoparon vías para anotar con fluidez. Con todo, o descomunal acerto de Bosco en posesións clave fixo que a diferenza tan só fose de tres puntos, 23-20, para un Estudiantes que chegou un punto por encima aos últimos dez minutos.

Bosco subiu o listón de intensidade defensiva e Estudiantes tivo problemas para anotar na recta final dun partido no que as visitantes levaron a vitoria cun último parcial de 13-20.



Pablo Castro dando instrucións as súas xogadoras



Núñez, de Terra Chá, nun encontro xogado na Frigsa

O CB Ribadeo venceu ao Ensino 02 nun duelo directo que pode acabar sendo decisivo para o título de Liga, á que lle quedan tres partidos por disputar. As

ribadenses, que xa gañaran na ida, aseguraron o basketaverage fronte as capitalinas, coas que agora mesmo empatan a 11 vitorias. As mariñas contan ademais

cun comodín, xa que teñen un partido menos.

Este golpe á Liga chegou nun partido desequilibrado pola superioridade física das pivots ribadenses, Fátima, Irene e Sara, infalibles baixo a canastra. O encontro disputouse coa máxima intensidade por parte dos dous equipos, conscientes do que se xogaban, e o equilibrio mantívose ata o último cuarto no que Ensino se atascou en ataque, propiciando que as ribadenses levantasen a diferenza ata os 20 puntos. Tras os primeiros minutos de sequía anotadora, as capitalinas, que malia o descontento coa arbitrase se resistiron a dar o partido por perdido, puideron achegarse no marcador, ata poñerse a oito puntos.

O duelo directo pola Liga quitoulle protagonismo a primeira vitoria do Terra Chá, que se impuxo a Terras da Mariña. As chairegas puxeron moito máis empeño no triunfo e lograron tras poñer o partido de cara no segundo cuarto cun parcial de 6-17. No outro encon-

O CB Ribadeo ve máis cerca a Liga

| CB RIBADEO | ENSINO 02 |
|------------|-------------|
| 82 | 71 |
| Xogador | Xogador |
| Claudia | Iria |
| Sara F. | Lucía 13 |
| Aldara 8 | Adriana 24 |
| Fátima 28 | Lucía 3 |
| Mirena | Kristina 17 |
| Andrea 6 | Sabela 5 |
| Sara 5 | Carmen 7 |
| Irene 35 | Lorena 2 |
| Marta | |
| Mónica | |

“Nuestra mejor versión, en el partido clave de la temporada nos mete más de medio título en el bolsillo”

JOSE CB Ribadeo

“Muy orgulloso de mis jugadoras a pesar de la derrota”

AIGOR ROMO Ensino 02

Primeira alegría para Terra Chá

| T. MARIÑA | TERRA CHÁ |
|------------|-----------|
| 43 | 52 |
| Xogador | Xogador |
| Yanira 2 | Alba |
| Najara 4 | Guadalupe |
| Lia | Reyes |
| Marta 11 | Carla |
| Rebeca 21 | Sara |
| Adriana | Sonia |
| Antía F. 2 | Ari |
| Aroa 3 | Paula |
| | Laura |
| | Andrea |
| | Carmen |
| | Ainhoa |

*Anotación non facilitada por T. Chá

“Con esta actitud no le ganamos a ningún equipo”

MARIANO Terras da Mariña

“Victoria merecida de principio a fin. Un pequeño premio para las niñas”

JUANJO Terra Chá

ceu a un Celtas que, malia a diferenza física entre os equipos, non se amilanou e mantivo o equilibrio ata o último cuarto.

Partido aberto ata o último cuarto

| SAN CIPRIÁN | CB CELTAS |
|-------------|-----------|
| 47 | 28 |
| Xogador | Xogador |
| Lucía | Antía |
| Maruxa | Carlota |
| Alejandra 2 | Lucía |
| Maria 11 | Idaiara |
| Irina 2 | Carmen |
| Julia 19 | Carla |
| Carla | Ana |
| Angela 2 | |
| Marta 11 | |

*Anotación non facilitada por Celtas

“Otro mal partido. Debemos volver a la dinámica de trabajo para reencontrarnos”

NACHO/IRIS San Ciprián

“Muy contento con las chicas. Nos mantuvimos en el último cuarto contra un equipo muy superior”

PABLO CASTRO CB Celtas

tro disputado esta fin de semana, o San Ciprián ven-

Cadete masculino > Primeira | Segunda



Luis anotou un 2+1 decisivo nos últimos segundos



Olloqui cara a pintura a piques de superar a un rival



Lucas en labores defensivos por diante de Adrián

| 81 ESTUDIANTES | | 80 PORRIÑO | |
|----------------|-------|------------|-------|
| Xogador | P. V. | Xogador | P. V. |
| Luis | 8 | Iglesias | |
| Anxo | | González | |
| Sergio | 2 | Pino | |
| Olloqui | | Suárez | |
| Cabe | 23 | Lamas | |
| Baeza | 9 | Pereira | |
| Jorge | 11 | González | |
| Pedro | 13 | Fernández | |
| Lucas | 9 | Alonso | |
| Adrián | 2 | Vilariño | |
| Alberto | 4 | | |

Cabe e Luis obraron a remontada final

8-7

NO TEMPO EXTRA, no que Porriño, tras forzar a prórroga cun 18-23 no último cuarto, púxose con 4 puntos de vantaxe. 3-7 ata que chegou a reacción final estudiantil da man de Cabe e Luis, claves ao anotar os cinco últimos puntos dun vibrante encontro disputado no Anexo

NA PRÓRROGA, Estudiantes perdía de catro puntos, pero unha canastra do interior e un 2+1 do mariño decantaron o partido

“Conseguimos sacar adelante un partido que se nos complicó. Enhorabuena a los chicos” **PABLO ABUÍN** Estudiantes Lugo

Partido dos que crean afección o disputado entre Estudiantes e Porriño, no que as alternativas tanto no xogo como no marcador sucedéronse ao longo dun encontro que se tivo que decidir no tempo extra cunha remontada local sobre a bucina.

Estudiantes brillou na posta en escena, especialmente en defensa, pero Porriño tamén deixou claro que plantaría batalla no Anexo ao saír á boia e poñerse por diante ao final do primeiro cuarto, 12-14.

No segundo Estudiantes minimizou as perdas que tanto lle castigaron nos pri-

meiros dez minutos. Moveu mellor o balón e xerou tiros cómodos para volver tomar o mando no marcador ao descanso, 34-32.

Ao comezo da segunda parte Estudiantes deu un novo tirón e conseguiu unha renda de sete puntos que nun partido tan igualado como este parecía determinante. Pero en fronte estaba un Porriño

empeñado en vender cara a derrota e continuou loitando ata volver meterse no encontro.

Xa nos últimos dez minutos Estudiantes empezou con algunha dúbida para atacar a defensa zonal 2-3 de Porriño, pero unha canastra a falta de tan só cinco segundos para o final poñía aos lucenses con máis tres no marcador. Porriño

aproveitou os segundos finais para forzar a prórroga cun triplo a taboleiro.

No tempo extra os visitantes chegaron a ter unha renda de catro puntos coa que se plantaron no último minuto, pero Cabe, o mellor xogador do encontro, anotou unha canastra, e Luis un 2+1 co que Estudiantes lle deu a volta ao marcador sobre a bucina.



Cabe, o mellor xogador do partido, lanzando a canastra



David, de Hierros Ferreiro, ante Unax e Álvaro



Pablo entra a canastra entre Iago, Jorge e Tomás

3 PARTIDOS PENDENTES

Os do Novo Chanto e o Anexo foron os únicos encontros disputados na fin de semana. A xornada completárase co Ribadeo-Burela; Estudiantes 02-Estudiantes 03 e Cidade-Celtas

Dobre enfrontamento entre CB Sarria e AXSC nunha xornada con tres partidos aínda pendentes.

Os resultados cumpriron co previsible, dada a diferenza de xeración e de clasificación entre os rivais.

Hierros Ferreiro impúxose ao MGR CB Sarria nun partido moi marcada pola diferenza física que penalizaba aos locais, tanto en segundas opcións como na saída de balón. Con continuas rotacións, e quintetos distintos, Hierros gañou con solvencia os dous primeiros cuartos, 51-14 ao descanso. Tras o paso polos vestiarios o equipo local moveu mellor o balón en ataque, e puido

39 PUNTOS

Hierros Ferreiro rematou o partido cunha anotación récord, con continuos contraataques que os levaron ata os 39 puntos no derradeiro cuarto.

lograr máis canastras aínda que, no último cuarto, a diferenza volveuse disparar cos capitalinos anotando en cada contraataque.

Por outra banda, Oral Design logrou ante Sagrado Corazón a súa quinta vitoria na competición. Aínda que o equipo de Miguel López comezou anotando tres triples consecutivos e o resultado do primeiro parcial foi igualado, 15-13, os do Novo Chanto tomaron axiña as rendas do partido, 13-2 no segundo cuarto, e foron consolidando o seu dominio ante un rival que, co paso dos minutos e sen xogadores para rotacións, quedou totalmente fóra do partido.

Oral Design vence a un rival mermado

| ORAL DESIGN | | SAGRADO | |
|-------------|-------|---------|-------|
| Xogador | P. V. | Xogador | P. V. |
| Noel | 4 | Javi | 4 |
| Eros | 10 | Iván | 6 |
| Raúl | Alex | | |
| Miguel | Yago | 9 | 9 |
| Iago | Dani | 6 | 6 |
| Xoel | | | |
| Martin | | | |
| Esteban | | | |
| Lucas | | | |
| Jorge | | | |
| David | | | |
| Sergio | | | |

*Anotación non facilitada por O.Design

“Buen partido ante un rival que acusó el cansancio a medida que avanzaba el partido”

JAVI MOYA Oral Design

“Justa derrota ante un rival que hizo un buen partido”

MIGUEL LÓPEZ Sagrado C.

Euforia anotadora de Hierros Ferreiro

| HIERROS | | MGR SARRIA | |
|---------|-------|------------|-------|
| Xogador | P. V. | Xogador | P. V. |
| Juan | 21 | Loureiro | |
| Adrián | 10 | Alvaro | |
| Miguel | 7 | Arza | |
| Mario | 9 | Unax | |
| Julián | 24 | Héctor | |
| Martin | 12 | Carlos | |
| Pablo | | I. Chaos | |
| Mateo | 8 | | |
| Jorge | | | |
| David | 8 | | |
| Dani | 9 | | |

*Anotación non facilitada por MGR

“Tenemos que suplir las carencias físicas con más trabajo, pero técnica y tácticamente se ven mejoras”

RUBÉN PERNAS MGR CB Sarria

“Partido para dar confianza a todos los jugadores del equipo”

RUBÉN ENGRUBA Hierros Ferreiro

Ribadeo e Maristas, campións

ESTUDIANTES VIOLETA partirá como cabeza de serie nos Play Off polo título feminino, que se disputan a vindeira fin de semana. Tamén comeza a segunda fase masculina

A Segunda División Preminibasket pechou esta fin de semana a primeira fase. Ribadeo e Maristas proclamáronse campións dos seus grupos na categoría masculina, tras impoñerse en duelos directos decisivos. Os ribadenses venceron ao Viveiro nun partido igualado, 64-66, no que os locais chegaron con dez puntos de vantaxe ao último sexto. Nese derradeiro período os de Sama, con máis xogadores para rotacións, remontaron cun parcial de 2-16. Máis folgada foi a vitoria de Maristas ante Estudiantes, 58-83. Guiados por Néstor, os colexiais anotáronse o primeiro sexto, 17-4, pero Estudiantes volveuse meter de cheo no encontro recurtando diferenzas antes do descanso. Na reanudación, Maristas fíxose de novo dono do encontro chegando a poñerse 30 puntos por diante.

A vindeira semana comeza a segunda fase cos catro equipos pelexando por dúas prazas na Liga Galega.

Tamén se disputarán os Play Off polo título na Liga feminina, que concluíu co Estudiantes Violeta como cabeza de serie. As eliminatorias son Auxiliadora-Estudiantes e Fingoi-Adrián Salgado CB Sarria.



CB Ribadeo - Campións Premini do Grupo Norte



Estudiantes Branco - Cidade de Lugo



Estudiantes Branco - Cidade de Lugo



Maristas - Campións Premini do Grupo Centro



Estudiantes Vermello - Maristas Azul



Estudiantes Vermello - Maristas Azul

LISTAS CATEGORIAS SUPERIORES E PROVINCIAIS PUNTOS

| Puntos JÚNIOR MASCULINO | | | Puntos JÚNIOR FEMININO | | | Puntos CADETE MASCULINO | | | Puntos CADETE FEMININO | | | Puntos INFANTIL MIXTO | | | Puntos PRE-INFANTIL MIXTO | | |
|-------------------------|---------|-------|------------------------|----------|-------|-------------------------|---------|-------|------------------------|------------|-------|-----------------------|------------|-------|---------------------------|--------|-------|
| Xogador | Equipo | Ptos. | Xogadora | Equipo | Ptos. | Xogador | Equipo | Ptos. | Xogadora | Equipo | Ptos. | Xogador@ | Equipo | Ptos. | Xogador@ | Equipo | Ptos. |
| MARCO | RIBADEO | 378 | SILVIA | ENSINO | 263 | GAUTAMA | RIBADEO | 297 | IRENE | RIBADEO | 419 | IKER | RIBADEO | 414 | ANTÓN E. | BURELA | 346 |
| RIVAS | ESTU 1 | 291 | MARINA | ENSINO | 261 | M. GLEZ | RIBADEO | 293 | ADRIANA | ENSINO 02 | 227 | HUGO | S. CIPRIÁN | 375 | JOEL | GALÉN | 286 |
| TRASEIRA | ESTU 1 | 286 | NÚRIA | ENSINO | 219 | LUCAS | ESTU | 286 | MARTA | S. CIPRIÁN | 199 | JAVI | RIBADEO | 349 | CRISTIAN | GALÉN | 267 |
| RASILLA | CIDADE | 268 | SARA | ESTU | 216 | ADRIÁN | HIERROS | 266 | SARA | RIBADEO | 197 | MARTA | BURELA 04 | 301 | MANUEL M. | GALÉN | 256 |
| P.DÍAZ | CIDADE | 256 | ESTHER | ENSINO | 203 | DAVID | BURELA | 248 | C. LEBOREIRO | ENSINO | 176 | MARIO | S. CIPRIÁN | 277 | DIEGO N. | BURELA | 228 |
| P.MATO | CIDADE | 249 | IRENE | RIBADEO | 162 | CABE | ESTU | 243 | JULIA | S. CIPRIÁN | 172 | PABLO | CIDADE | 239 | PABLO | GALÉN | 183 |
| ALBERTO | RIBADEO | 247 | ANA C. | RIBADEO | 158 | DANI | HIERROS | 220 | KRISTINA | ENSINO 02 | 172 | MARÍA | ESTU 2 | 221 | CARLOS B. | BURELA | 166 |
| IAGO | ESTU 1 | 224 | ZELTIA | ESTU | 150 | IGNACIO | CIDADE | 207 | NEREA | ENSINO 03 | 169 | JULIA | BURELA 04 | 202 | ÁLVARO F. | BURELA | 122 |
| ANXO | ESTU 1 | 220 | MARÍA | ENSINO | 117 | LUIS | ESTU | 204 | CARMEN | ENSINO 02 | 152 | SAMUEL | CIDADE | 200 | MARCOS | BURELA | 89 |
| DIOBIS | VIVEIRO | 214 | NATALIA | ENSINO 2 | 110 | JUAN | HIERROS | 196 | REBECA | T. MARIÑA | 143 | DANI | AXSC | 199 | FABIO | GALÉN | 65 |
| HERMIDA | ESTU 1 | 205 | MARTA | ESTU | 106 | ALBERTO | CIDADE | 184 | NURIA | ENSINO | 139 | JUAN | AXSC | 178 | LUIS F. | BURELA | 64 |
| GARABITO | ESTU 2 | 181 | ANA D. | ESTU | 96 | MARTÍN | HIERROS | 182 | NATALIA | ENSINO | 110 | LUIS | S. CIPRIÁN | 168 | JOAQUÍN | BURELA | 53 |
| M. GLEZ | RIBADEO | 148 | NICOLE | ENSINO 2 | 95 | ÁLEX G. | BURELA | 180 | ALEJANDRA | ENSINO | 109 | CAROLINA F. | GALÉN | 143 | DANIEL P. | BURELA | 45 |
| MATEO | VIVEIRO | 123 | VANIA | ENSINO 2 | 94 | PABLO | RIBADEO | 137 | MARTA | T. MARIÑA | 107 | SANDRA | BURELA 05 | 142 | BRUNO | GALÉN | 31 |
| MIGUI | RIBADEO | 119 | NURIA | ENSINO 2 | 83 | ANDRÉS | CIDADE | 123 | CARLA | S. CIPRIÁN | 104 | CLAIRE | NSN 04 | 131 | MANUEL P. | GALÉN | 25 |
| DANI | ESTU 2 | 101 | NURIA | RIBADEO | 81 | MARIO | ESTU 03 | 122 | LUCÍA | ENSINO 02 | 102 | SAMUEL | AXSC | 131 | JESÚS | GALÉN | 16 |
| ANTÓN | ESTU 1 | 98 | FÁTIMA | RIBADEO | 78 | JORGE | ESTU | 120 | MENCÍA | T. MARIÑA | 101 | IRIA | BURELA 05 | 129 | SERGIO | GALÉN | 16 |
| ANDRÉS | ESTU 1 | 90 | ADRIANA | ESTU | 74 | SEBAS | ESTU 03 | 111 | IRIA | ENSINO 02 | 100 | MIGUEL | ENSINO | 121 | VENTO | GALÉN | 10 |
| ÁNGEL | VIVEIRO | 85 | SARA | RIBADEO | 71 | PEDRO | CIDADE | 106 | MAITE | ENSINO | 86 | ANDRÉS J. | ESTU 04 | 117 | ADRIÁN | BURELA | 5 |
| PIEDRACOBA | ESTU 2 | 79 | MAITE | ENSINO 2 | 68 | ÁLEX | AXSC | 98 | CATUXA | ENSINO | 84 | ÁLVARO | ESTU 04 | 116 | RAÚL | BURELA | 4 |
| TRABADO | ESTU 1 | 78 | ALEJANDRA | ENSINO 2 | 65 | HUGO | BURELA | 97 | IRINA | S. CIPRIÁN | 83 | ROI | S. CIPRIÁN | 114 | IZAN | BURELA | 2 |
| LUCAS | ESTU 1 | 77 | ANDREA | RIBADEO | 64 | MARIO | HIERROS | 97 | ANY | ENSINO | 82 | NURIA | BURELA 05 | 111 | - | - | - |
| JULIÁN | VIVEIRO | 69 | ALEJANDRA | ESTU | 63 | NICO | CIDADE | 94 | ALEJANDRA | S. CIPRIÁN | 76 | DARÍO | RIBADEO | 107 | - | - | - |
| BRAIS | VIVEIRO | 63 | LIDIA | ENSINO 2 | 61 | PEDRO | ESTU | 91 | PILAR | ENSINO 03 | 76 | PABLO | AXSC | 106 | - | - | - |
| DARLING | RIBADEO | 63 | CARMEN | ENSINO | 55 | A. PARDO | RIBADEO | 86 | YANIRA | T. MARIÑA | 73 | SARA | BURELA 04 | 104 | - | - | - |
| ÁLEX | CIDADE | 62 | CARMEN | ENSINO 2 | 53 | DAVID | HIERROS | 86 | ALDARA | RIBADEO | 71 | PABLO | ESTU 04 | 101 | - | - | - |
| GAUTAMA | RIBADEO | 57 | NURIA B. | ENSINO | 53 | DIEGO | BURELA | 83 | SABELA | ENSINO 02 | 71 | MANUEL | S. CIPRIÁN | 92 | - | - | - |
| CARLOS | CIDADE | 56 | CANDELA | ESTU | 52 | M. GARCÍA | RIBADEO | 82 | MARÍA | S. CIPRIÁN | 65 | ANTÍA | CIDADE | 89 | - | - | - |
| JACOBO | ESTU 1 | 54 | ALDARA | RIBADEO | 47 | RICKY | CIDADE | 80 | FÁTIMA | RIBADEO | 64 | RAMIRO | ENSINO | 89 | - | - | - |
| JOSE | VIVEIRO | 54 | CARLOTA | ENSINO 2 | 45 | SAMU | CIDADE | 78 | LUCÍA M. | ENSINO 02 | 64 | SABELA | CIDADE | 88 | - | - | - |
| ESTEBAN | ESTU 2 | 46 | ANDREA | ENSINO 2 | 40 | JAVI | AXSC | 74 | ÁNGELA | S. CIPRIÁN | 61 | JULIÁN | AXSC | 84 | - | - | - |

Infantil Feminino > Primeira | Segunda

A reacción final non tivo recompensa

ESTUDIANTES descolgouse na primeira metade, 32-18

| 54 | 51 |
|-----------|-------------|
| ALLARIZ | ESTUDIANTES |
| Xogadora | Xogadora |
| Barbosa | Irene |
| Rodríguez | Carla |
| Vidal | Candela |
| Moure | Enma |
| Simón | Anxela |
| Cid M. | Adriana |
| Ramos | Carla |
| Cid L. | Lian |
| González | Marta |
| | Carmen |
| | Claudia |
| | Maria |

*Anotación individual non facilitada

“Nos está costando entrar en el partido y lo estamos pagando al final”

JULIA PENA Estudiantes Lugo

Estudiantes volveu tardar demasiado en meterse no partido e as de Julia Pena volveron comprobar que nesta fase non chega cunha boa segunda parte para gañar. Os 14 puntos de desvantaxe ao descanso, 32-18, foron unha losa, pero aínda así as celestes estiveron a piques de remontar ao dispoñer de posesión e tiro para empatar o encontro nos últimos segundos.

Ata entón a Estudiantes custoulle arrincar ante un rival que empezou máis intenso e acertado, sobre todo no tiro de tres puntos, polo que tomaron o mando no



A celeste Carla González nun encontro xogado esta tempada

marcador, 17-8 no primeiro parcial. No segundo a defensa lucense empezou a crecer, aínda que tivo problemas para frear o potencial na pintura da xogadora máis física de Allariz, mentres que en ataque Estudiantes continuou sen ter boas sensacións e chegou ao descanso con menos 14, 32-18.

No intermedio Julia Pena conseguiu reconducir a situación. Axustou a defensa sobre a interior local e Estudiantes empezo a ofrecer o seu nivel defensivo, pecharon o rebote de forma espectacular, roubando e saíndo rápido á contra e anotaron fácil ademais de subir as porcentaxes de acerto no tiro.

+11

NA SEGUNDA PARTE a boa reacción do Estudiantes deixou ao cadro lucense ao borde da remontada tras impoñerse 13-18 no terceiro cuarto e 9-15 no último

Aos poucos as distancias fóronse reducindo ata que a falta dun minuto e medio a renda local era de tan só dous puntos. Estudiantes tivo posesións para empatar e ata dispuxo dun último tiro para forzar a prórroga, pero o balón nesta ocasión non foi a entrar.



Adrián Glez dá instrucións ás súas xogadoras nun tempo morto

A moeda caeu cruz

O ENSINO caeu en Ourense non últimos segundos

| 57 | 56 |
|--------------|------------|
| CARMELITAS | ENSINO |
| Xogadora | Xogadora |
| Rodríguez | Isa |
| Fernández A. | Sabela 9 |
| Novoa | Silvia 14 |
| Soto | Candela 7 |
| Durán | Cristina 2 |
| Sampayo | Lorena 8 |
| Lorenzo | Lucía 8 |
| Fernández S. | Carolina |
| | Lara 6 |
| | Rebeca 2 |

O Cafés Candelas Ensino perdeu por un punto en Ourense nun encontro que se resolveu a cara ou cruz no último minuto. Ata entón, o partido disputouse de poder a poder.

Carmelitas é un equipo máis físico que o lucense, pero con concentración en ataque e intensidade defensiva o Ensino conseguiu igualar as forzas sobre a pista. O primeiro cuarto terminou con 13-9, pero o crecemento do conxunto lucense fíxose valer co paso dos minutos, asinando un segundo parcial no que pecharon o rebote e correron coas ideas claras ao contraataque para selar un 9-14 que deixaba o marcador

“Gran esfuerzo con un final inmerecido. Recordar emotivamente a Cris Seijo, quien me ha enseñado que no todo es ganar y que lo importante es disfrutar de este deporte tan increíble que es el baloncesto”

ADRIÁN GONZÁLEZ Ensino

en 22-23 ao descanso.

A igualdade mantívose na segunda parte, na que Ensino chegou con tres puntos de vantaxe aos últimos dez minutos tralo 11-13 do terceiro cuarto. As lucenses mantiveron a vantaxe ata o tramo final, pero no décimo minuto Carmelitas deulle a volta ao marcador, algo que non desluciu o bo traballo do Ensino.



Carolina Fdez coa pelota por diante de Leyre e Maria



As estudiantis Alejandra e Sabela tratan de frear a Marta

CB Sarria estivo moi cerca de lograr a súa segunda vitoria consecutiva ante un CB Viveiro que decidiu o encontro na prórroga.

As locais chegaron a acumular 20 puntos de vantaxe na primeira metade, pero as mariñas reaccionaron cun gran terceiro cuarto e

levaron o partido ao tempo extra. Unha canastra e un tiro libre déulles o triunfo.

Franciscanos impúxose a Cidade nun partido no que comezou a despegarse no marcador no segundo cuarto, cun parcial de 7-3, e que amarrou cun gran traballo defensivo na segunda metade.

A outra vitoria da xornada foi para Galén Ensino, que venceu a Estudiantes. Tras un primeiro cuarto igualado, 14-16, no segundo as ensinistas aumentaron a intensidade na presión, o que lles permitiu roubar moitos balóns e anotar en finalizacións en contraataque ata lograr un parcial de 12-22. Unha diferenza decisiva de cara ao desenlace do encontro xa que, na segunda metade, as forzas volveron a equilibrarse.

A competición chega ao parón de Semana Santa con tres xornadas por disputar e co CB Burela 04 como principal candidato a facerse co título provincial e

Viveiro remonta e gaña na prórroga

| ESTUDIANTES | GALÉN ENSINO |
|-------------|----------------|
| 47 | 62 |
| Xogador | Xogador |
| Alejandra 4 | Nuria 2 |
| Leyre 5 | Daniella 3 |
| Julia 6 | Paula 4 |
| Lucía 2 | Laura N. 4 |
| Paula A. | Carolina F. 26 |
| Sabela 2 | Laura V. 12 |
| Fiorella | Carolina Q. |
| Paula 5 | Marta 2 |
| Maria 15 | Raquel 9 |
| Uxia 4 | |
| Aine 4 | |

“Tenemos que jugar más en equipo”

NICO Estudiantes

“Orgulloso del trabajo y la actitud del equipo durante todo el año”

AMIR TABOADA Galén Ensino

coa praza para xogar a fase de Ascenso á Liga galega da categoría.

Franciscanos controla o partido

| CB SARRIA | CB VIVEIRO |
|-----------|------------|
| 36 | 39 |
| Xogador | Xogador |
| Andrea | Carlota F. |
| Cata | Carlota B. |
| Lorena | Ana López |
| Uxia | Zulema |
| ABril | Carme |
| Rut | Clara |
| Olaia | Maria |
| Ainhoa | Bea |
| Ángela | Iria |
| Carla | Helena |
| Bea | Ainhoa |
| | Jimena |

*Anotación individual non facilitada

“Tenemos que aprender a dosificar el tiempo durante todo el partido”

PAULA ÁLVAREZ CB Sarria

“Victoria muy sufrida en la prórroga. Otra vez los mismos errores, la suerte al final cayó de nuestra parte”

MARILUZ CB Viveiro

Galén acelera no segundo cuarto

| FRANCISCANOS | CIDADE |
|--------------|-------------|
| 39 | 28 |
| Xogador | Xogador |
| Carla | Carla 6 |
| Ángela | Ángela |
| Deme | Deme 2 |
| Sabela | Sabela 4 |
| Alejandra | Alejandra 4 |
| Antía | Antía 4 |
| Carmen | Carmen 2 |
| Marta | Marta |
| Laura | Laura |
| Lucía | Lucía |
| Alba G. | Alba G. |
| Alba Yu | Alba Yu |

*Anotación non facilitada por Franc.

“La defensa, clave ante un Cidade muy físico”

DANI CORDIDO Franciscanos

“Nos hubiera gustado dedicarle la victoria a Cris, pero los nervios y las precipitaciones nos jugaron una mala pasada”

ÁNGEL GLEZ Cidade

A versión máis regular

ESTUDIANTES gañoulle o pulso no treito final a un Porriño que foi incapaz de manter a intensidade lucense no último cuarto, 20-9

| 70 | 51 |
|-------------|----------|
| ESTUDIANTES | PORRIÑO |
| Xogador | Xogador |
| Andrés | Andrés |
| Garabito | Garabito |
| Álvaro | Álvaro |
| Dani | Dani |
| Iago | Iago |
| Álex | Álex |
| Juan | Juan |
| Jorge | Jorge |
| Oscar | Oscar |
| Raía | Raía |
| Durán | Durán |

Estudiantes liquidou con autoridade un complicado encontro ante un equipo chamado a loitar polo título galego como é Porriño, ao que os celestes deixan a dúas vitorias e máis 19 de basketaverage.

O partido estivo marcado desde os primeiros minutos pola intensidade local, marcando un ritmo moi alto co que tomaron as primeiras vantaxes no marcador. Con todo, Porriño conseguiu recortar distancias ao final do primeiro parcial, que se pechou cun axustado 20-18.

No segundo cuarto Estudiantes continuou realizando un bo baloncesto, pero Porriño mantiñase na pelexa exprimindo a súa principal arma, a superioridade física coa que conseguían dominar o rebote e dispoñer de segundas oportunidades, chegando ao descanso

“Tenemos que seguir trabajando por la misma línea, felicito a los chicos por el esfuerzo realizado en este encuentro”

JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

+19

DIFERENCIA que pode ser determinante ao final de Liga ante un Porriño chamado a loitar tamén polo título galego infantil

con vida no partido, 34-30, pese a que as sensacións eran mellores por parte dos lucenses.

Aos poucos Estudiantes foi esgotando a Porriño, que acusou o esforzo e cedeu co paso dos minutos ante un rival que mantivo a esixencia os corenta minutos. No terceiro cuarto os celestes conseguiron impoñerse por catro puntos, 16-12, para chegar con máis oito aos últimos dez minutos. Tempo



Garabito sacanso o balón ante as torres de Porriño



Dani lanzando a canastra en suspensión ante dous rivais

no que os de Javi Peinó descolgaron definitivamente a un Porriño incapaz de manter o listón de intensidade, polo que Estudiantes

impúxose con autoridade, 20-9, e levou a diferenza ata os 19 puntos que poden ser determinantes ao final de Liga.



Simón de camiño ao banco nun partido no Anexo

A superioridade local na pintura foi clave

| 72 | 65 |
|-------------|---------------|
| BLANCO AMOR | RÍA RIBADEO |
| Xogador | Xogador P. V. |
| Padrón | Raúl |
| González | Iker 40 |
| Rodríguez | Iago |
| Ramos | Dario 6 |
| García | Javi 19 |
| Ladson | Dani |
| Delgado | Simón |
| Prieto | |
| Corbal | |
| Román | |

“Creo que logramos competir con nuestras armas ante un equipo físicamente muy superior”

SAMA Ría de Ribadeo

O Ría de Ribadeo deu a cara en Ourense ante un rival moi superior fisicamente. Algo que quedou patente incluso antes de empezar o partido, xa que a comparación no calentamento daba a sensación de que se ían a enfrontar dous equipos de distinta categoría.

Pese a iso, Ribadeo non se engurrou e cun acerto impresionante no tiro ao comezo do encontro, os de Sama tomaron as rendas

no marcador ante un rival que, sen facer moito máis, mantiñase na loita ao dispoñer de segundas e ata terceiras opcións de tiro ao dominar o rebote.

Ao descanso Ribadeo mandaba no marcador, 38-39. Pero na segunda parte os locais exprimiron o seu goteo de puntos na pintura e defenderon dúas para a un Iker que pese a iso foise ata os 40 puntos, con 7 tripos.



Alfonso, do Porta XI, fai un lanzamento a canastra



Xogadores do S. Ciprián recibindo instrucións de Elena

San Ciprián segue acumulando forzas

| PORTA XI | SAN CIPRIÁN |
|----------|-------------|
| 39 | 74 |
| Xogador | Xogador |
| Rami | Luis 3 |
| Diego | Roi 10 |
| Michi | Manuel 8 |
| Álex | Xoel 4 |
| Jorge | Hugo 26 |
| Alfonso | Mario 23 |
| Álvaro | |
| Gutier | |

*Anotación non facilitada por Porta XI

Novena vitoria de Sagrado Corazón

| SAGRADO | CB SARRIA |
|-----------|-------------|
| 79 | 30 |
| Xogador | Xogador |
| Elias | Arza |
| Jaime 4 | Cristian |
| Juan 20 | Antón |
| Julián | Urko |
| Pablo 16 | Izan |
| Dani 17 | Pablo López |
| Javi 8 | González |
| Samuel 14 | David |
| Mario | Oscar |
| Gabi | Yañez |

*Anotación non facilitada por Sarria



Yañez, do Saneamientos Sarria, nun encontro deste ano

O San Ciprián segue acumulando forzas de cara ao treito final da Liga, na que pelexará con Cidade polo campionato. Os da Mariña, con só un xogador para rotacións, buscaron encarrilar canto antes o partido contra Porta XI. Así, no primeiro cuarto propuxeron unha presión a toda pista que lles serviu para lograr un parcial contundente, 7-31, e unha vantaxe cómoda para afrontar o resto do encontro do que seguiron levando as rendas aínda que, sen a pre-

sión asfixiante do inicio, os ensinistas encadearon bos minutos de baloncesto.

No outro partido disputado na fin de semana, Sagrado Corazón impúxose ao CB Sarria despois dun comezo dubitativo, sen Dani na cancha. A súa saída á pista puxo aos locais no camiño da vitoria, que remacharon no terceiro cuarto cunha defensa forte e canastras en contraataques tras roubos ou rebotes. A competición encara o parón de Semana Santa con tres

“Poco pudimos hacer frente a un rival superior”

ALFONSO FRANCO Porta XI Ensino

“Con sólo seis jugadores, gran esfuerzo y gran partido para seguir peleando”

NACHO/ELENA San Ciprián

“No fue nuestro mejor partido ante un rival muy mejorado”

RUBÉN ENGROBA Sagrado

“Nuestra falta de intensidad defensiva decantó el partido”

ADRIÁN LÓPEZ CB Sarria

xornadas por disputarse e San Ciprián e Cidade de Lugo como candidatos ao título. Se os dous equipos

manteñen as súas xeiras de resultados, o campión decidiríase no enfrontamento directo da última xornada.

A lotería da prórroga sorríulle a Bosco

ESTUDIANTES FIXO UN GRAN ENCONTRO pero o rival estivo máis acertado no treito final do último cuarto e no tempo engadido



Pau, coa pelota, buscando o lanzamento á canastra

Estudiantes perdeu ante Bosco no Anexo pero os celestes saíron do partido coa cabeza moi alta tras dalo todo na pista. O desenlace final foi cruel coa derrota na prórroga pero ata entón viuse un partidazo de baloncesto.

A posta en escena foi un

lastre para os lucenses xa que Bosco empezou máis intenso e conseguiu unha renda inicial de 8 puntos, 9-17 ao final do primeiro parcial, que obrigou aos de Riobóo a remar contra corrente o resto do partido.

A partir de aí, Estudiantes impuxo unha marcha

“Muy contento con la actitud demostrada por todo el equipo a lo largo del encuentro” **ÁNGEL RIOBÓO** Estudiantes

| 79 | 86 |
|-------------|-----------|
| ESTUDIANTES | BOSCO |
| Xogador | Xogador |
| Miguel | Fernández |
| Manu | Salazar |
| Ales | Montoya |
| Oscar | García |
| Brais | Harris |
| Victor | Rodríguez |
| Senén | Fernández |
| Pau | Castro |
| Gabi | Gallego |
| Brais | Varela |
| | Dablanca |

*Anotación non facilitada

9-17

DO PRIMEIRO PARCIAL obrigou ao Estudiantes a ir por detrás no marcador dende o principio e a realizar un sobre-esfuerzo para conseguir igualar o encontro, algo que pagou no tempo extra

máis ao seu xogo, subiu o listón defensivo e con iso roubou balóns e anotou máis fluidez ata chegar ao último cuarto no que todo estaba por decidir.

Estudiantes foi a por todas e estivo a piques de gañar o encontro pero Bosco Salesianos foi capaz de anotar nos momentos clave do encontro e chegouse ao final dos corenta minutos con empate, o que levaba o partido ao tempo extra.

Na prórroga, o equipo

ourensán tomou o mando nas primeiras posesións cun par de canastras rápidas polo que, como sucedera ao comezo do partido, Estudiantes volveu ter que remar contra corrente no marcador.

Nesta ocasión, con moitísimo menos tempo por diante, tan só catro minutos, nos que os de Ángel-Riobóo, pese a facer ben as cousas, non puideron darlle a volta a un marcador no que se impuxo Bosco Salesianos, 79-86, pechando un partidazo.



Brais Redondo bota o balón ante un adversario



Brais García trata de levar o balón ante un adversario



Áles bota o balón ante un xogador de Bosca no Anexo

A forza do grupo guiou ao Burela

DEFENSIVAMENTE OS DE LUÍS FERNÁNDEZ fixeron un encontro espectacular, mentras que en ataque encontraron vías para anotar con fluidez tras unha longa viaxe ata Tui

| 56 | 88 |
|-----------|------------|
| TUI | BURELA |
| Xogador | Xogador |
| Freira | Diego 12 |
| Campor | Antón 16 |
| Pereira | Carlos 16 |
| Rodríguez | Marcos 16 |
| Martínez | Joaquín 10 |
| Montero | Álvaro 16 |
| Gómez | Dani 2 |
| Posada | |
| Fernández | |
| Sanz | |
| Vaz | |

Burela percorreu Galicia de Norte a Sur para medirse con Tui nun encontro no que os de Luis Fernández tiveron que facer 608 quilómetros entre a ida e a volta. Pero nin a distancia nin o cansazo acumulado foron excusa para un equipo que brillou por encima das individualidades e que asi-

“Nuestro mejor partido de la temporada como equipo” **LUIS FDEZ** CB Burela

nou un dos seus mellores partidos esta tempada.

A posta en escena dos mariñaos foi espectacular, tanto en defensa como en ataque, como reflectiu o marcador ao final do primeiro parcial, 8-28. A renda de 20 puntos permitiu ao Burela afrontar o resto do encontro con tranquilidade e moitísimo reparto de minutos que aproveitaron os xogadores, cada un na súa faceta, para aportar o seu grao de area.

No segundo cuarto o intercambio de golpes foi continuo, 18-18 para deixar o marcador no 26-46 co

que se chegou ao descanso.

Tralo intermedio apareceu por momentos unha certa relaxación defensiva, pero Burela volveuse a entonar e levou a diferenza ata os 40 puntos ao longo do terceiro parcial, mentres que no último cuarto continuou a exhibición ofensiva dos mariñaos, que se foron de novo nos últimos dez minutos ata os 24 puntos.

Con esta vitoria Burela segue á fronte do seu grupo e atravesan por un dos mellores momentos de xogo e resultados da temporada.



Dani, que fixo un gran encontro na pintura, ante un rival

608

KILÓMETROS percorreron os mariñaos para disputar este encontro en Tui, onde a pesar da longa viaxe e do cansazo ofreceron unha das mellores versións do que vai de tempada

16

PUNTOS 4 XOGADORES o cuarteto de máximos anotadores neste encontro asinou 16 puntos. Antón Expósito, Carlos Bris, Marcos Blanco e Álvaro Fernández



Manuel Martínez subindo o balón ante dous herculinos

“Partido muy trabajado que conseguimos resolver gracias a la confianza en nuestro trabajo y al espíritu de lucha del equipo”

AMIR TABOADA Galén Ensino

| | |
|---------------------|-----------------|
| 59 | 52 |
| GALÉN ENSINO | SIGALTEC |
| Xogador | Xogador |
| Fabio 7 | Direito |
| Pablo 16 | Rquez. |
| Sergio 1 | Penas |
| Manuel M. 5 | Galán |
| Cristian 12 | Martínez |
| Joel 18 | Pérez |
| Jesús | A. Rey |
| Bruno | Gracia |
| | Ferro |
| | D. Rey |

8

PUNTOS

Galén Ensino mantivo a confianza nos minutos finais do partido para administrar a renda de oito puntos coas que encaron o derradeiro cuarto

á serenidade co que afrontou os momentos clave do encontro.

Primeira vitoria de Galén Ensino nesta segunda fase. O equipo de Amir Taboada impúxose a Sigaltec grazas a unha defensa presionante que lle permitiu levar o encontro ao seu terreo. e

O partido chegou ao descanso igualado, 24-22, tras unha primeira parte de xogo trabado, sen moitas alegrías atacantes, e cun Galén Ensino centrado no traballo defensivo, para conter o xogo interior dos

Galén estrea a conta na segunda fase

OS DE AMIR TABOADA administraron ben os oito puntos de renda cos que entraron no último cuarto do encontro no Anexo



Joel, máximo anotador, fai unha entrada a canastra



Cristian trata de superar a un xogador contrario

de Vilagarcía, que viñan de perder contra Estudiantes na súa cancha.

No terceiro cuarto os de Amir Taboada conseguiron despegarse no marcador grazas aos roubos de balón e ás perdas do rival, que lles permitiron correr contraataques e anotar en entradas a canastra. O traballo no rebote a a intensidade que mantivo o equipo neste cuarto foron deter-

minantes no desenlace do encontro. Os seis puntos de vantaxe logrados permitíronlle estar ata os oito a diferenza para encorar o último cuarto no que sufriron a reaccion do equipo rival. Os pontevedreses endureceron a defensa, pero os locais estiveron á altura e conseguiron sacar adiante a vitoria co acerto exterior e desde a liña de tiros libres.



Fabio coa pelota ante dous rivais e Cristian



Nerea recibe a pelota de espaldas a unha rival

| | |
|--------------------|--------------|
| 65 | 15 |
| ESTUDIANTES | PBB B |
| Xogador | Xogador |
| Lucía | Crespo |
| Candela | Alves |
| Iria | Saeta |
| Laura Martín | Barreiro |
| Nerea | Rodríguez |
| Naiara | Baliñas |
| Marta | González |
| Carolina | Rodríguez |
| Carmen | Alonso |
| Laura Mesa | Montes |
| Sara | |

“El trabajo que hacen las niñas marca la diferencia y tiene mucho valor”

FERNÁN VARELA Estudiantes

chegaron aos cincuenta puntos de diferenza, sobre un rival que se clasificou como cuarto do grupo Sur e que logrou unha vitoria nesta segunda fase do campionato.

O equipo de Fernán Varela notou a inactividade nos primeiros minutos do encontro, pero axiña tomou as rendas

Estudiantes gaña con solvencia ante Porriño

AS DE FERNÁN VARELA chegan ao parón de Semana Santa con sete vitorias, unha menos que o RC Celta, líder da competición



Laura lanza baixo o aro rodeada de contrarias



A celeste Sara cara a pintura tras superar a súa marca

Estudiantes resolveu cunha vitoria sólida o partido da súa volta á competición despois de dúas semanas sen xogar, e da derrota ante o RC Celta.

As estudiantís pecharon a acta no último cuarto do partido, cando

logrando as primeiras vantaxes e ampliando o marcador coa contribución de todas as xogadoras do equipo, tanto en defensa, unha faceta na que cada vez é máis evidente a mellora con respecto aos primeiros

meses da temporada, como en ataque. O xogo colectivo volveu ser a fortaleza do conxunto estudiantil, que se mantén na zona alta de clasificación con sete vitorias, as mesmas que Giraldo, e só unha por

detrás do gran favorito ao título, o RC Celta. Estudiantes Lugo encara agora o parón de Semana Santa. Á volta, terá que disputar o partido aprazado a pasada fin de semana polo temporal, contra Bosco, pre-

visto para o 2 de abril no Anexo co que completará os catro encontros da primeira volta desta segunda fase polo título galego. O día 8 terá que medirse ao CB Allariz, ao que xa lle gañou no inicio da competición, 72-44.



CAMPUS ALEX LLORCA

3^ª ed. CAMPUS ALEX LLORCA

9 ó 15 XULLO 2018



DIRECTOR TÉCNICO



MATEO RUBIO

LUGARES

Pazo dos Deportes Lugo
CE Santa María
Piscinas Municipales



@CampusLlorca



Campus Alex Llorca



@Campusalexllorca

3 POSIBILIDADES DE INSCRIPCIÓN
Régime externo, semiexterno e interno

WWW.CAMPUSALEXLLORCA.COM

+ info: campusalexllorca@gmail.com

